



## **FONDO DE LIBROS E AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL**

O mércores, 18 de maio, publicouse no DOG a Orde do 29 de abril pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquisición de libros de texto e material escolar.

### **1- QUEN PODE PARTICIPAR DO FONDO DE LIBROS E COMPRA DE MATERIAL?**

**TODO O ALUMNADO QUE PARA O CURSO 2022/23 SE MATRICULE NESTE CENTRO, tanto os que xa estades como os que veñen de Primaria ou doutro instituto.**

**PARA ISO, TEREDES QUE:**

- CUMPRIMENTAR O MODELO DE SOLICITUDE ED330B, que ten dos documentos: ANEXO I e ANEXO II.**
- ADXUNTAR A DOCUMENTACIÓN QUE SE VOS PIDE.**

**O mesmo modelo xa vale para participar no fondo de libros e para a axuda para material:**

**Dende o centro, fixemos uns modelos que consideramos máis doados de entender e que achegamos con este escrito. Tamén o teredes na nosa páxina web:**

**<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/>**

**Pero podedes usar o modelo que vén no DOG, xunto coa Orde do 29 de abril, ou ben descargalo da web: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>**

### **2- PRAZO DE PRESENTACIÓN**

**DENDE O 19 DE MAIO ATA O 22 DE XUÑO  
(ÁMBOLOS DÍAS INCLUÍDOS)  
NON O DEIXEDES PARA ÚLTIMA HORA!**



### 3- MODO DE PRESENTAR A SOLICITUDE:

Debedes cumprimentar unha única solicitude, tanto se ides matricular a un fillo/a ou máis.

Podedes presentar a solicitude coa documentación destes xeitos:

- ✍ Presentando no centro a solicitude. Tamén teredes que presentar toda a documentación persoal e familiar que se vos pide na mesma.  
Neste caso, teredes que pedir:

**cita previa no teléfono 886 159 784**

- ✍ Por correo electrónico. Neste caso, debedes cubrir o modelo, asinalo e logo escanealo e envialo xunto coa documentación requirida ao correo:

**secretaria@iescotobade.org**

- ✍ Por vía electrónica na aplicación informática: a través deste enlace  
**<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>**

Para a resolución de posibles dúbidas, solicitude mal cuberta ou falta de documentación: **ACONSELLAMOS A PRESENTACIÓN NO CENTRO**

Se optades por cumprimentar a solicitude por vía telemática a plataforma xa vos permite deixala presentada deste xeito. Asignaravos un número de solicitude que debedes gardar para posibles reclamacións o por se non nos chega correctamente.



#### 4- DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE APORTAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- A) Copia do **LIBRO DE FAMILIA**. En caso de non ter libro de familia ou este non estea actualizado, deberán achegar algunha da seguinte documentación:
- ✓ **Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador.**
  - ✓ **Certificado ou volante de convivencia**
  - ✓ **Informe dos Servizos Sociais do Concello.**
- B) **Discapacidade: No caso de que a discapacidade veña recoñecida pola Xunta, NON tedes que presentar nada**, só no caso de que dita certificación non fora expedida por organismos da Xunta de Galicia (sería o caso do alumnado que veña doutra comunidade autónoma) teríades que presentar dito certificado.
- C) **Violencia de xénero:** Se é o caso, documentación acreditativa
- D) **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, se fora o caso.
- E) **Resolución administrativa ou xudicial** da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores para o alumnado en **situación de tutela ou garda** da Xunta de Galicia, se fora o caso.
- F) No caso de que os pais ou os titores non teñan DNI ou NIE, deberán aportar un **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** do concello onde resida a familia.

#### 5- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DE PARTICIPACIÓN NO FONDO DE LIBROS

- ↪ **Presentación fóra de prazo da solicitude**
- ↪ **Deficiencias na solicitude ou na documentación aportada e non subsanada en prazo.**
- ↪ **Falta de devolución dos libros de texto adquiridos co cheque este curso.**

**Cerdedo-Cotobade, 18 de maio de 2022.**